

# Normas de uso da Aula de Tecnoloxía adaptadas ao contexto da COVID 19

- O alumnado entrará na aula de 1 en 1 deixando a distancia de seguridade de 1,5m.
- A saída será ordenada e continua, de 1 en 1, deixando a distancia de seguridade.
- O alumnado deberá ir e permanecer acompañado por un profesor/a.
- Ubicación do alumnado na aula de Tecnoloxía: os alumnos/as deberán utilizar a mesma mesa e cadeira durante o curso.
- É obrigatoria a hixiene de mans nas entradas e saídas da aula.
- As ventás, portas, persianas, dispositivos de funcionamento da iluminación, os proxectores, e restantes ferramentas pedagóxicas serán unicamente usadas polo profesorado, coas medidas de seguridade e hixiene que procedan.
- Antes do cambio de aula ou do remate das clases, adicaranse uns minutos á desinfección da mesa e da cadeira coa dotación de desinfección existente na aula (panos desbotables e solución desinfectante).
- O profesorado, no caso de cambio de aula, antes de rematar a clase procederá a limpeza cun produto desinfectante da súa mesa e cadeira, así como do material do profesorado de uso non individual que teña utilizado na aula (mandos, borradores, etc.).
  - Si o profesorado utiliza o ordenador da aula, ANTES DE COMENZAR a clase e ANTES DE REMATAR A CLASE, limpará a superficie do teclado, do rato e marco da pantalla con xel desinfectante. A pantalla TFT limparase cun produto de limpeza de pantallas. Por razóns de seguridade, SE DESCONECTARÁ PREVIAMENTE DA REDE ELÉCTRICA O ORDENADOR DA AULA.
- Logo de cada limpeza, os materiais empregados e os equipos de protección usados desbotaranse de xeito seguro, procedéndose posteriormente ao lavado de mans.
- Deben de realizarse tarefas de ventilación frecuente nas instalacións, e por espazo de polo menos 5 minutos (10 minutos cando a sala ou aula estivese ocupada previamente) ao inicio da xornada, ao finalizar e entre clases, sempre que sexa posible e coas medidas de prevención de accidentes necesarias. Cando as condicións meteorolóxicas e do edificio o permitan, manteranse as xanelas abertas o maior tempo posible.
- Onde a materia o permita, substituirase o emprego de materiais por simulacións virtuais con medios informáticos co fin de diminuír os contactos co material.
- O material de prácticas que sexa compartido (polímetros, ferramentas, ...), debe de ser desinfectado ao inicio da actividade e unha vez terminada a clase.
  - No caso de ferramentas de uso frecuente nas prácticas, como o trade de columna ou pistolas termoencoladoras, desinfectaranse antes de cada emprego e ao remate da clase (sempre DESCONECTANDO PREVIAMENTE DA REDE AS FERRAMENTAS ELÉCTRICAS).

- As actividades prácticas que impliquen o uso de ferramentas, realizaranse só no caso poder manter unha distancia de seguridade de 1,5m entre o alumnado.
- Evitarase o uso de pintura nas actividades prácticas.

José Barcia Díaz